

COMUNIDADE DE MONTES DA PARROQUIA DE SAN ESTEVO DE PARGA

David DÍAZ LOSADA

*Presidente da Xunta Rectora da Comunidade da parroquia de Parga
e Vocal da organización Galega de Comunidades
de Montes Veciñais en Man Común*

SUMARIO: Estúdiase especialmente a diferenza entre montes de varas e de mancomún, e a súa evolución histórica en Galicia. Faise unha sumaria descrición do aproveitamento do monte de San Estevo de Parga, especialmente no contrato para a explotación dunha canreira.

SUMARIO: Se estudia especialmente a diferenza entre montes de varas y montes en mancomún, y su evolución histórica en Galicia. Se hace una sumaria descripción del aprovechamiento del monte de San Estevo de Parga, especialmente en el contrato para la explotación de una cantera.

SUMMARY: The difference between “varas” forest and communal forest and their historic evolution in Galicia is studied specifically. A brief description is made of the exploitation of Mount San Estevo de Parga, with especial reference to the contract for the exploitation of a quarry.

Dende a Idade Media ata o século XIX os montes, pola súa tipificación xurídica e as súas formas de aproveitamento, contribuíron, acompañado da existencia do minifundio e a pervivencia ata o século XX dos foros, a marcar e singularizar dunha maneira especial a estrutura agraria da Galicia contemporánea e por iso chamaron a atención dos diferentes estudos levados a cabo sobre os mesmos, pero xerando unha publicidade sobre eles maior en cantidade que en calidade. Existe falta de rigor en moitos traballos, debido en gran parte á idea de xeralizar simples impresións: como o pasado está presente as prácticas existentes nunha localidade, con frecuencia mal analizadas, retrotráense sen máis e, o que é peor, xeralízanse a toda Galicia. Desta maneira, é moi frecuente que os montes, baixo o punto de vista xurídico, sexan agrupados todos baixo a mesma clase, ou que haxa unha estreita trabazón entre os montes e a Parroquia, con tendencia a xeralizar. A ‘propiedade comunitaria’

estaba en Galicia configurada esencialmente polo usufructo do monte, que en xeral permaneceu *pro indiviso* ata entrado o século actual. Boa mostra diso é que os pleitos orixinados polos aproveitamentos do monte son moito máis numerosos que os suscitados polo pasto das agras. Unha aproximación somera ós protocolos notariais e ó Arquivo Histórico do Reino de Galicia da fe disto, sen contar co material documental que podemos atopar nos arquivos de mosteiros, cabidos e de señores laicos. O feito de que os montes se mantiveran *pro indiviso*, ou foran explotados de forma máis ou menos colectiva non quere dicir que o seu usufructo fora igualitario. Chegamos aquí á necesidade inexcusable de proceder a unha tipificación xurídica dos montes, sequera aproximada, pola trascendencia social deste problema. É moi frecuente que os estudos feitos cometan unha serie de confusións importantes, ó non examinen a suficiente e eficiente documentación. Convén, ó referirse ós montes de Galicia, calificalos de ‘abertos’ e non de ‘veciños’, ‘comunais’ ou ‘concellís’ polo que expoñemos logo. Se nas dúas Castelas, Andalucía e Extremadura existía un réxime municipal xeralizado e os municipios sostíñanse mediante a administración dos propios, supoñendo unha fonte de ingresos para as arcas municipais, en Galicia estes eran case descoñecidos, de aí o seu escasísimo papel na hora da desamortización; os ‘exidos’ dos núcleos urbanos eran aproveitados da mesma maneira que os dunha aldea, sen que reportasen diñeiro ó reximento; só algunhas poboacións urbanas, como a vila de Viveiro, posuían propios do concello constituídos no fundamental por unha serie de montes sitios nas parroquias e cun aproveitamento que reportaba ingresos ás arcas municipais. Neste aspecto, polo tanto, a organización agraria difería sensiblemente da castelá, o que traducía diferencias de organización social e de poboamento que deben retrotraerse polo menos á baixa Idade Media (Galicia, cunha poboación moi dispersa, descoñece case o réxime municipal, ó cal son anexos os propios). Numerosas testemuñas dos ss. XVI-XVIII coinciden en afirmar que non tódolos montes abertos caían dentro da mesma clasificación xurídica. Os ilustrados e os membros da Academia de Agricultura, ubicada en A Coruña, que se ocuparon deste problema, distinguían fundamentalmente entre montes de *vocería* e *comúns os pobos*, división que pode tomarse como guía, deixando a un lado certas inexactitudes (como a de supoñer que o campesiño satisfacía sempre unha renda polo usufructo dos montes de *vocería*, pero non a satisfacía nunca polo aproveitamento dos *comúns dos pobos*). Prescindindo das escasas devesas reais, dos montes particulares de campesiños e dos solariegos de señores, como os que posuía o mosteiro de Celanova (Ourense), nos que autorizaba ós campesiños, nominalmente, a faceren rozas, os montes de *vocería* ou de *varas* e os *comúns*, *concellís* ou de *man común* son as dúas grandes divisións fundamentais, ás que en ocasións se superpuxo o réxime señorial. O Cadastro de Ensenada, efectuado nos anos 1749-53, é unha das fontes que permiten coñecer a distribución xeográfica dos distintos tipos de montes. Os de *común dos veciños*, *comunais* ou *concellís* abundan no sur de Galicia e, en particular, na provin-

cia de Ourense. Poden pertencer a unha aldea, a unha parroquia ou mesmo a unha xurisdicción ou conxuntos de parroquias e a súa tipicidade radica en que o dereito ó usufructo se adquire polo mero feito de ser veciño, *de ter lume*. O aproveitamento podía implicar o pago dun canon ós propietarios da xurisdicción e, en última instancia, a propiedade dos montes podía ser ocasión de litixios entre concellos e señores, pero estas circunstancias non deben escurecer o feito fundamental de que o usufructo, grauíto ou non, obtense por razón de veciñanza, con ou sen a interferencia señorial. Así, varios montes de diversa tipificación e por distintos conceptos, pagaban a monasterios e señoríos polos seus aproveitamentos. En todo caso a envoltura señorial non debe mover a confusión, e dado que os señores non adoitan ser máis antigos que os pobos, anque nalgúns pleitos digan o contrario, hai que conceptualizar esta envoltura como unha superposición ó réxime comunitario de aproveitamento do espacio aberto, e non atribuír ó señorío a orixe dos usos colectivos. O que convén reter é que as aldeas, as parroquias ou as xurisdiccións consideraban como seus os montes, isto é, do común dos veciños, e que o dereito de aproveitamento, grauíto ou non, nacía da veciñanza e regulábase, para pastos e rozas, nos concellos que funcionaban a distintos niveis. O monte era aquí *do común* e non podía venderse salvo por previo acordo do consello, habendo xurisprudencia sobre varios casos e podemos citar a sentenza do Tribunal Supremo, de 1865, que deu fin ó pleito que sostían varios veciños de Cernego e Vilamartín de Valdeorras: algúns dos litigantes efectuaron vendas e permutas, ó que se opuxeron outros, argumentando que os montes comprendidos dentro do referido coto redondo de Cernego nunca foran divididos, por máis que foran forais, pagándose a renda por capitación fixa, e unicamente polos veciños da parroquia, sen que poideran continuar no aproveitamento cando mudaban de domicilio, nin moito menos traspasado, o que probaba a súa *calidade* comunal e, por conseguinte, só o pobo, coas autorizacións determinadas polas leis, podía enaxenar... A Audiencia de A Coruña e en última instancia o Tribunal Supremo fixeron súa esta tese. Por conseguinte, o directo dominio dos montes non correspondía ós veciños, que debían satisfacer renda foral, pero isto non afectaba ás condicións e forma de aproveitamento, para o que se requiría ser veciño ou *ter lume*.

Para comprender a forza dos concellos da Galicia sureña, a nivel de aldea, de parroquia ou de xurisdicción, hai que partir de feitos sociais como o que acabamos de mencionar: a existencia de montes do común dos veciños, con usufructo reglamentado para rozas e *veceiras*. Se o campesiño da zona sur de Galicia aparece moi solidario na Idade Media e Contemporánea é debido, en boa medida, a unha organización agraria que implica unha gran cohesión social.

Na metade septentrional de Galicia os montes *concellís* ou de *man comun*, isto é usufructuados por razón de veciñanza, eran nos ss. XVI-XIX moi escasos e, pola contra, predominaban abundantemente os montes de *varas* ou de *voces* que, anque abertos e *pro indiviso*, eran anexos de determinados caseír-

os ou, mellor dito, de determinadas linaxes, herdeiros ou porcións. Para pasto e leña había con frecuencia certa permisividade tácita, que posibilitaba que os empregasen todos; pero á hora de facer rozas a cada herdeiro da aldea, ou de fóra, adxudicábase as súas *varas*, podendo existir veciños sen dereito a elas. O *ter lume* non era aquí suficiente, a diferenza do que ocorría na Galicia do sur, e así un matrimonio que recen fundara un fogar non tería dereito a *partir*, isto é, a que se lle adxudicase unha porción para roza, salvo por herdanza ou por compra. É lóxico que este réxime de explotación do inculto proporcionaba menos cohesión social que o que correspondía ós montes de *concelliles* ou de *mancomún*. Existían polo tanto unhas diferencias claras entre os montes de *varas* e os de *man común* ou *concellís*. Os primeiros, contra 1750, predominaban na Galicia septentrional, ó norte dunha liña que iría do río Ulla a Pedrafita e, anque abertos e *pro indiviso* son de feito propiedade consorciada, anexos ós solares dunha aldea; un propietario pode abandonar a aldea e continuar desde fóra no usufructo da súa cota. O usufructo dos montes *concelliles* é, pola contra, máis democrático, ó requerir só a condición de veciño e non a de propietario. Nesta tesitura, a cohesión social e a intensidade da vida *concellil* non podía ser igual nas diferentes zonas de Galicia; a diferente organización agraria no norte e no sur implicaba que os *concellos* foran máis solidarios e fortes no sur, polo predominio dos montes *concelliles* e de entidades de poboación de tamaño considerable, o que implicaba unha regulación máis estreita das prácticas agrarias. Tanto mediante a enquisa directa como por medio de documentos de natureza xudicial, é relativamente fáil coñecer a forma de explotación dos montes de *vara*, por medio de cuotas alícuotas entre os porcioneros. O procurador do monasterio de Lourenzá describía graficamente este sistema en 1783, ó sinalar que a comunidade relixiosa era dona da metade dos montes da parroquia de Cedofeita, dos que se aproveitaban os seus caseiros, e ó estar en razón para dar froito “xúntanse os veciños e en tódolos anos sucesivamente separan unha proporción destes montes para rozar e estivadar, e a efecto fan da así sinalada (porción) vintecatro prazas ou pezas, e destas deixan doce para os colonos... quen pagan (ó monasterio) do froito que deles collen o seu quiñón en feixe... e as outras prazas ou pezas repártenas entre si os demais veciños, partícipes e interesados nos propios montes” e “alzado e collido o froito dos estivados que, respectivamente, fan en cada un ano, deixanse en aberto para o pasto, corte de leña e máis aproveitamentos referidos”. Sería difícil describir de forma máis intelixible esta organización, anque a enquisa directa permite facer maiores precisións. Na montaña lucense o reparto do monte para facer rozas, polo sistema de *varas*, perdurou ata avanzada a segunda metade do s. XX. Con diferente linguaxe, no referente ás medidas usadas, encubríanse moitas outras realidades semellantes, que nos ocuparía moito tempo e espacio enumerar aquí.

No século XVII procuciuse un despertar agrario na Galicia litoral, en particular na vertente occidental. A introducción do millo provocou un crece-

mento demográfico e a necesidade de proceder a roturacións. No Salnés, a finais do s. XVII, as comunidade eclesiásticas e os fidalgos aprópiáanse, mediante mecanismos xurídicos, de extensos montes que logo son aparcerados e aforados a campesiños famentos de terras. cara 1750 poucas son as freguesías que non se lamentan das escasez de montes. Ademais o perfeccionamento da propia agricultura e a necesidade de abono fixo que os campesiños procederan á privatización de parcelas de monte, para cultivar toxo. O litoral occidental presenta, así, un exemplo de evolución precoz e de avance de certas prácticas de *individualismo agrario*. Na Galicia cantábrica hai tamén desde finais do século XVII queixas e pleitos por rompementos: en Lourenzá, a Devesa, Foz... sucédense enfrontamentos entre veciños ou entre estes e os señores que percibían rendas por montes. Na Galicia interior, que non sofre apenas modificacións no sistema de cultivos ata a introducción da pataca (a finais do s. XVIII, pero progresando lentamente), as roturacións son menores que no litoral; o menor dinamismo agrario (que se corresponde cun menor crecemento demográfico) fai que existan menos tensións entre os campesiños pola cuestión do monte. Agora ben, a finais do s. XVIII os pleitos exténdense por doquier, sexa por reducir superficie de monte ou prado (en Burón, Terra Cha, Ourense...) sexa por simples cortes de toxos (en particular na zona de Mondoñedo), sexa polos continuos peches para cultivar cereais. Os muros destes peches son derribados denoite, ás veces en varias ocasións, se o propietario insiste en refacelos. En Ourense as parroquias, aldeas e xurisdiccións contenden entre si polos límites dos seus montes, para pastar e *estivadar*, chégase ás veces a actos de violencia, como dar morte a reses. Na Galicia cantábrica, a comezos do s. XIX, a escasez de toxos, leña e outros implementos tiña chegado a tanto que os veciños das parroquias de Valadouro turnábanse para vixiar con escopetas os montes, e evitar a penetración de intrusos. Todas estas loitas, que precisarían dunha monografía para poderen ser expostas, explicadas e interpretadas, dan idea do valor que adquirira o monte para a comunidade campesiña, ó multiplicarse o número de veciños, e perfeccionarse o sistema de cultivos, o que facía que a madeira, e o *estrume* para abono, e a leña foran cada vez bens máis escasos e disputados. Non cabe imaxinar que o valor do monte fora sempre o mesmo; en épocas de despoboamento ninguén se preocupaba de poñer en pe os seus dereitos, non discutidos; ó aumentaren os veciños discútense afanosamente sobre dereitos reais ou ficticios. Os concellos rurais deberon defenderse reiteradamente dos intentos dos señores xurisdiccionais de adxudicarse a propiedade *in solidum* dos montes abertos; como dixo o historiador Marc Bloch “o acaparamento da terra común (por parte dos señores) a través dos tempos foi unha das máis antigas e constantes queixas expresadas nas revoltas agrarias”. Galicia era, na súa meirande parte, terra de señorío laico ou abadengo, o que quere dicir que eran señores ou institucións particulares quen controlaban a xustiza, arma inapreciable como factor de coacción do campesiñado e, anque o señorío xu-

risdiccional e a propiedade territorial aparecen en Galicia como feitos ben diferenciados, aunque non sempre, non era infrecuente que os señores eclesiásticos e laicos se atribuíran o dominio de todo o que caía na súa xurisdicción: case un lugar común nos pleitos entre señores e vasallos é que os segundos reprochen ós primeiros a súa apropiación violenta dos montes abertos. Os pleitos entre os concellos e os señores pola cuestión dos montes son, ás veces, extraordinariamente complexos por encuadrarse no complicado mundo do señorío: os propietarios da xurisdicción atribuíanse con frecuencia a propiedade dos montes, esixindo unha renda polo seu usufructo, renda que consideraban de natureza foral, é dicir, contractual; os veciños replicaban que os montes eran seus, e que as rendas polo usufructo eran de natureza xurisdiccional, isto é, pagábanas debido á imposición dos señores, ó *influxo irresistible* que lles daba a estes o control da xustiza local, medio de presión sobre os campesiños. Estas diferentes posturas agudízanse desde 1811, ó promulgarse o decreto de abolición de señoríos: se a renda que se satisfacía polos montes era de natureza xurisdiccional debía desaparecer sen máis; se era, pola contra, conceptualizada como contractual ou foral -isto é, se a renda a pagaban os campesiños ós señores por razón da propiedade dos montes- debía permanecer. Os tribunais inclináronse, sistematicamente, por este segundo suposto. Desde a Baixa Idade Media ó s. XIX acaeceron, polo tanto, numerosos conflitos en torno ós montes abertos, tanto entre os propios campesiños como entre estes e os señores; tales conflitos non son senón un reflexo da importancia do monte na economía galega. producíronse talas, rompementos, peches e nalgúns casos partillas de inculto. Pero o máis significativo deste proceso é que cando comeza o s. XIX o monte, aunque máis reducido que trescentos anos antes, debido á ampliación do espacio cultivado, continúa *pro indiviso*, isto é, segue aproveitándose de forma tradicional; convén non esquecer isto porque en numerosas partes de Europa occidental (Inglaterra, Escocia, Países Baixos...) produciuse unha privatización dos espacios que se explotaban colectivamente, fenómeno coñecido como *individualismo agrario* e que adoita conlevar a formación de explotacións agrarias orientadas ó mercado. En Galicia non se produciron cambios neste sentido: as roturacións foron un proceso meramente multiplicativo, para dar cabida ós recién chegados; cando os señores se apropiaron de montes foi para ceder o seu usufructo a cambio dunha renda e non para formaren grandes explotacións. Polo tanto, a organización agraria galega, pese a certos cambios, non se desestructura no decorrer da Idade Moderna. Esta organización, como se sinalou, supuña o aproveitamento tradicional do monte, soporte do sistema, anexo ou prolongación do terrazo e non elemento aparte. A ausencia de modificacións neste terreo é boa mostra da falta de modificacións na economía e na sociedade de Galicia anteriores ó s. XIX e posteriores, como se verá. O estudio do monte non pode, polo tanto, desligarse dun contexto moito máis amplo, que o fai comprensible.

As medidas tomadas no decorrer do s. XIX tendentes a transformar a propiedade da terra e a reformar a administración non puideron menos de afectar ós montes. Ó creárense os municipios en 1834, quedaron convertidos nas novas entidades administrativas, sen que se lle recoñecera á parroquia ningunha existencia legal. Isto significou que os montes que eran dunha ou varias parroquias (como frecuentemente adoitaba suceder no Sur) quedaban privados de todo marco oficial á hora de aplicar os dereitos de posesión e usufructo. As leis desamortizadoras, por outra parte, tamén presentaron algúns problemas. Puxéronse á venda ás rendas forais que percibían as comunidades eclesiásticas, así como as terras arrendadaas por comunidades e igre-sarios: isto non afetou de forma significativa á tipificación dos montes, xa que todo o que poido ocorrer foi que, no caso de pagarse renda foral por eles, ben como anexos ó labradío nos casos dos montes de *vara*, ou porque se admitía o directo dominio de comunidades sobre grandes extensións, a renda se non foi redimida polos campesiños continuou a pagarse ó mesmo comprador, sen que nada cambiara nas aldeas. Pero en 1855, entre as medidas desamortizadoras de Pascual Madoz, figuraba a de poñer á venda os *propios* e *comúns* dos pobos: a medida adecuábase ben a Castela, pero mal a Galicia onde case non existían propios e onde os montes *comunais* ou *concellís* eran das parroquias e aldeas mais non dos municipios. Comezou entón a formación de catálogos de montes, para saber cales eran ou non os que debían poñerse á venda. En 1859 contábase xa cun primeiro balance, segundo o cal só 8.842,3 Ha. de monte eran enaxenables en toda Galicia. Continuaron a efectuarse catálogos, pero as vendas foron escasas por diversas razóns; a principal era a escasa adecuación das leis desamortizadoras á realidade galega: o Promotor Fiscal de Pontevedra dictaminaba en 1864 que a lei de 1855 “non é aplicable á meirande parte de Galicia, xa que os seus montes non foron adquiridos polas parroquias, senón que lles pertencen como unha anexión ou dependencia dos lugares e caseiros que as constitúen independentemente de toda dotación real e doutro contrato traslativo de dominio. Supoñendo que aínda sexa aplicable esta lei a Galicia, nela mesma atopamos o correctivo, pois dispón que a venda comprenda só aqueles terreos que non sexan de absoluta necesidade para os pobos” e neste suposto, dada a absoluta necesidade do monte, en ningún caso debería poñerse á venda para privatizalo.

Xa vimos as distintas clases ou denominacións do monte que existen e que escaseaban os *propios*; que a envoltura señorial podía interferir o aproveitamento do monte, anque sen afectar á forma en que tal aproveitamento se levaba a cabo.

A posta en pe dos concellos e a elaboración de catálogos de montes deu orixe a que no sur de Galicia desde mediados do s. XIX os montes que antes eran concelliles das parroquias pasaran a conceptuarse como *montes comunais de utilidade pública* (montes catalogados). A boa organización do aproveitamento dos montes concelliles facilitou o labor dos concellos de constituírense

en poder superior de coordinación. Este proceso non estivo exento de tensións: dado que os campesiños non sufrían modificación na forma de aproveitamento dos espacios abertos, consideraban que nada cambiara, pero ás veces atopáronse con que os servicios do catastro inscribíranos a nome do municipio. En particular, desde 1855, e por temor ás medidas desamortizadoras, foron numerosos os montes clasificados como de *utilidade pública* e, habida conta do estado de inquedaanza dos veciños, a moitos concellos foilles doado facer un catálogo dos principais montes da súa xurisdicción municipal (catálogo de 1877, completado a comezos do s. XX). É de destacar que houbo economistas que formularon a privatización e reparto dos montes como medio para modernizar a agricultura galega e adecuala á necesidade da época, caracterizada pola formación dun mercado mundial. Estes proxectos xurdiran xa no seo da Academia de Agricultura do Reino de Galicia, en torno a 1770, pero o seu alcance era limitado: repartir os montes para permitir que se multiplicase a poboación. No s. XIX cambia a perspectiva: os montes deben ser privatizados e divididos para formar explotacións modernas, competitivas, orientadas ó mercado. Esta corrente económica anúnciase con Lucas Labrada, partidario de multiplicar as *fortunas medias* (a súa obra publícase en 1804), e desenvólvese de maneira explícita con Manuel Colmeiro (1843) cun proxecto que incluía a redención das cargas forais, as inversións industriais e a privatización e reparto do montes, ocupando na industria ós pequenos campesiños (*bodegueros*) incapaces de facer fronte a unha explotación capitalista. Nesta tesitura, os cambios habidos na estrutura agraria débéronse unicamente á iniciativa campesiña que se orientou a rompementos para dar lugar ós recién chegados ou ben á conversión de áreas de monte en prado de regadío, posturas que en pouco se diferencian das adoptadas no decurso do s. XVIII.

Durante o s. XX producíranse cambios fundamentais na tipificación xurídica e na forma de aproveitamento dos montes, tanto por iniciativa da administración central como polas medidas tomadas polo propio campesiño. Entres estes cabe mencionar os repartos dos montes que antes eran ben *concellís* ben de *varas*, repartos efectuados con frecuencia completamente á marxe da administración, producindo a sorpresa indisimulable dos seus representantes, ó enterarse de que os campesiños, *motu proprio*, procederan a facer partillas. Tales partillas hai que remontalas en realidade ó s. XVIII, cando nas zonas litorais, de maior dinamismo agrario, os campesiños proceden a efectuar repartos e privatizar boa parte do espacio aberto. Non é infrecuente que, nas zonas de montes de *varas* -como, por exemplo, a Galicia cantábrica- a iniciativa proceda dos campesiños maiores porcióneiros, descontentos de que outros tenten (en cortes de leña e de toxo para abono) aproveitarse como o que máis. Desde a década de 1780 rexístranse nas aldeas da antiga zona de Mondoñedo pleitos por estas cuestións.

A este respecto os montes de *varas*, propiedade consorciada dun número de porcióneiros, eran de fácil división; non así os montes de veciños dunha

aldea ou parroquia ou de varias e que debían dividirse en proporción ó número de fogares. As partillas definitivas dos montes de *varas* comezaron xa, a escala considerable, desde 1880, en particular na franxa marítima de Cedeira, Valdoviño e, un pouco máis tarde, en Soneira e Vimianzo. No municipio mindoniense as partills multiplícanse cara 1900. Este proceso relaciónase coa necesidade do campesiño de ampliar os pastos, nun momento de forte desenvolvemento da gandeiría e, en particular, da exportación de bois cara Inglaterra; a cuetión non pasou desapercibida a varios historiadores que efectuaron diversos traballos sobre os montes. As partillas de montes de *voces* ou de *varas* coñecen o seu momento de maior expansión no periodo de 1920-1940, unha vez que a redención de foros convertiu ó campesiño en propietario pleno da terra; dado que os montes de *varas* eran prolongación natural e alícuota do labradío, ó redimir os foros o campesiño convertíase en propietario pleno do labradío de das *varas* de monte correspondentes. As partillas continuaron desde 1940, anque a ritmo máis lento (en certas parroquias da montaña lucense aínda non se efectuaron), producíndose ademais outra modificacións: ó aumentar o despoboamento na década de 1960 e diminuír o valor do monte, houbo aldeas nas que os veciños acordaron facer declaracións catastrais que os igualaban a todos no usufructo, cando antes era notorio que o sistema de reparto por *varas* era claramente desigualitario (o caso da aldea buronesa de Ferreira de Riba é un bo exemplo do un e do outro). Non fai falta explicitar que onde se efectuou a partilla esta axustouse ó sistema de *varas*, é dicir, que cada copartícipe recibiu unha parte proporcional, maior ou menos, segundo lle correspondía. Como dicía un veciño da mindoniense parroquia de Lindín, en 1980, recordando a partilla que se efectuara na súa feligresía en 1904, *cada un partiu segundo o que representaba* (a diferenza dos montes dos veciños, repartidos por lumes).

A primeira fase das partillas sitúase en 1925-35, e logo desde 1945, ante a ameaza da política forestal. Naturalmente en numerosas parroquias do Sur, onde os montes foran calificados de *utilidade pública* polos concellos, as partillas a iniciativa dos veciños non poideron efectuarse.

Desde finais do século XIX existiu, polo tanto, un movemento amplo, orixinado pola iniciativa campesiña e tendente ó reparto e privatización dos montes abertos. Este proceso relaciónase ás veces co progreso da agricultura -en particular co desenvolvemento da gandeiría- e débese ó desexo do campesiñado de sacar un maior rendemento ó monte; outras veces as partillas son unha actitude defensiva ante as medidas da administración central, tendentes a modificar a calificación xurídica e a deicación do monte (por exemplo coa política forestal). En calquera caso, a privatización foi en Galicia moi tardía, se se compara co sucedido no resto da Europa occidental, e non afectou a tódolos montes: uns quedaron fóra porque pasaran ó control dos municipios e outros (en particular na montaña lucense) continuaron a ser usufrutuados polo sistema tradicional de *varas*, at recentemente.

Durante o s. XX promulgaróñse, finalmente unha serie de medidas lexislativas non sempre coherentes no que atinxe ós montes. En primeiro lugar, desde os inicios da década de 1940 púsoxe en práctica unha política forestal mediante a cal montes que estaban en mans de concellos ou e comunidades e veciños pasaban ó *Patrimonio Forestal do Estado*, mediante unha serie de consorcios. Máis ou menos presionados moitos veciños cederon grandes extensións ó Patrimonio para seren repoboadas; a gandeiría menor quedou entón ferida e morte. Leis de montes sucedéronse en 1957, con anexo de 1962, e en 1968, recoñecendo a existencia de montes *de veciños*, inalienables, pero non libres da supervisión municipal. En xeral os lexisladores procederon con gran descoñecemento dos diferentes tipos de montes existentes en Galicia, descoñecemento que se nota de forma meridiana nos actuais *pais da patria* (con algunhas honrosas excepcións). A administración central, ó proceder con apresuramento no tocante á política forestal, levou a unha serie de medidas lexislativas de carácter ambiguo, nas que tenta -ou polo menos declárase tal intención- devolver ós veciños o control dos montes que non foron divididos e privatizados. Ben é verdade que os lexislados non paran mientes na complexidade da cuestión e limítanse a falar dos montes de *mancomún*, sen reparar en que a realidade é máis complexa e entre os montes que aínda non se dividiron hainos de *varas* e *concellís*. A lei, de 1980 -que deroga, polo tanto, a de 1968- segue mostrando o descoñecemento que o lexislador ten da realidade, pois entre os montes dos veciños só recoñece os de *mancomún*, non aparecendo para nada os de *varas*; isto implicaría, por exemplo, na montaña lucense transformacións graves, porque os porcioneiros ausentes veríanse de golpe privados dos seus dereitos, toda vez que na lexislación esíxese a condición de veciño -non necesaria nos montes de *vara*- para ser copropietarios dos montes. Outro tanto ocorre coa última Lei, 13/1989, que adolece do mesmo descoñecemento sobre os montes de Galicia que a anterior, tendo moitas lagoas no seu articulado, principalmente no referente a deslindes e impostos. Por todo isto os pleitos entre Comunidades e veciños son frecuentes e, dun tempo a esta parte, dunha forma un tanto arbitraria, algunhas Axencias Estatais Tributarias en Galicia están tentando fiscalizar os montes veciñais en man común a través de diversos tipos impositivos como son: Imposto de Sociedades, I.V.E., I.R.P.F. A Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda, a unha consulta sobre a cuestión da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cazón e Gundín de data 29 de outubro de 1996, di: “Que as comunidades de montes veciñais en man común (comunidade de bens) non terán a consideración de suxeitos pasivos do Imposto de Sociedades (art. 7 da lei 43/95 de 27 de decembro), entre outras consideracións porque os montes veciñais en man común careccen de persoalidade xurídica como así o recolle a Lei de Montes Veciñais en Man Común da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92”.

Debido á intervención dalgunha Axencia Estatal Tributaria hai varias Comunidades que teñen as súas contas bloqueadas.

A tipificación xurídica dos montes galegos foi sempre complexa. Xa o era antes do s. XIX, e neste século fíxose aínda máis, coa creación de municipios, a aparición dos catálogos de montes, etc. Moitos estudiosos sentíronse no s. XX atraídos por esta temática, ó advertiren que a forma de aproveitamento dos montes daba rasgos característicos á economía de Galicia. Non convén esquecer que para entender o problema é preciso enfrontarse á evolución de toda a economía e sociedade de Galicia; a pervivencia do aproveitamento tradicional do monte, no marco comunitario, é un aspecto máis da falta de modernización da economía e da sociedade en Galicia. Mentres o mercado non triunfou sobre a comunidade rural perviviron os elementos que fan posible a existencia desta, sendo un deles, sen dúbida o principal, a existencia do monte aberto e *pro indiviso*.

Un dos problemas máis graves que teñen os montes son os incendios forestais, sobre os que se escribiron grandes riadas de tinta, pero sobre os que ó fin non se acadaron grandes éxitos, posto que no vran que en Galicia non chove volven aparecer en gran escala os incendios, a pesar de facer grandes inversións en extinción (60 millóns de pesetas aproximadamente en oito anos). Pero deixo caer unha suxerencia: ¿non sería mellor investir menos en extinción (menos contratación de avións e helicópteros) e gastar algo máis en prevención, como: limpeza de montes, facer máis cortalumes e limpar os existentes, máis puntos de toma de auga e mellores accesos ós montes?. Deste xeito crearíase máis emprego e o diñeiro das contratacións quedaría na nosa Nación. Pero este é un tema que requiriría un estudio máis profundo.

Polo Xurado Provincial de Montes en Man Común da provincia de Lugo, con data 25 de agosto de 1975, acórdase clasificar como monte veciñal en man común o comprendido no expediente 35/75 “San Estevo”, sendo a comunidade propietaria os veciños da Parroquia de Parga-Guitiriz, cunha extensión de trescentas setenta e cinco hectáreas, sendo publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, número 259 de mércores 12 de novembro de 1975.

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de san Estevo de Parga- Guitiriz (Lugo) comezou a súa andadura o día 19 de decembro de 1978, con motivo dunha reunión celebrada por oitenta e seis veciños da Parroquia no lugar denominado ‘salón de Modesto’, co obxecto de elixir mediante votación á Xunta Rectora da Comunidade, segundo o disposto nos artigos 31, 40 e 42 das Ordenanzas, xa confeccionadas e aprobadas, e unha vex elixida asinan tódolos presentes no libro de actas en proba de conformidade, quedando constituídaa a primeira Xunta Rectora do Monte Veciñal en Man Común da Parroquia de San Estevo de Parga. Nos seguintes anos foron renovando a esta primeira Xunta outras, por ter cumprido o tempo regulamentario de permanencia no desempeño dos seus cargos.

O 11 de maio de 1979 asínase o primeiro contrato coa empresa INGE-MAR S.A., despois de que foran aprobadas as condicións expostas pola Empresa á Xunta Rectora e aprobación en Asemblea Extraordinaria de Comu-neiros, por maioría absoluta, para a explotación dos depósitos de granito existentes no monte denominado Da Croa.

Con data vinte de setembro de 1980 autorízase á sociedade de cazadores de Guitiriz e Parroquias, titular do couto de caza menor LU-10.015, para que poidan solicitar do ICONA a ampliación do citado couto coa inclusión dos montes da Parroquia.

O día tres de xullo de 1983 autorízase ó Sr. Presidente da Xunta rectora para a sinatura do consorcio con ICONA.

En Asemblea celebrada o día 7 de xullo de 1987 acórdase proceder ó arranxo de varias rúas da Vila, pagando os gastos ó 50% entre Concello e Comunidade.

Pola Asemblea Xeral ordinaria, con data 20 de xuño de 1992, apróbase a sinatura do convenio con ICONA.

No mes de agosto de 1994 e no lugar denominado Pena de Lliboi do monte Da Croa, autorízase unha intervención arqueolóxica, baixo a dirección de M.A. López Felpeto e C. Llana, coa participación de R. Villar e M. J. Mosquera, así como, tamén a pe de depósito, dos edafólogos A. Martínez Cortizas e C. Moares, que permitiu confirmar a presenza dun depósito adscribible a fins do Paleolítico superior ou ó Epipaleolítico (López-Felpeto, 1990). Foi inventariado pola Xunta de Galicia, correspondéndolle a clave GA27022043, folla 71-14.

No monte veciñal denominado Da Croa hai 40 Has., prantadaas de pino insigne e unhas 5 Has., repoboadas con carballo do país e dispersado en varios espacios, pero a principal actividade que se desenvolve no monte é a explotación dos depósitos de granito. Na actualidade a explotación de bloques graníticos leváa a cabo a empresa INGEMARGA S.A. mediante contrato suscrito coa Xunta Rectora por un período de seis anos contados a partir do 24 de maio de 1995. O granito dos depósitos do noso monte é moi apreciado pola súa gran calidade, empregado para a construción e restauración de edificios dentro de España (igresa da Sagrada familia de Barcelona) ou no estranxeiro (Arxentina, Cuba, EE.UU., Alemaña, Italia, Xapón, etc.). Polas súas características podemos distinguir tres clases principais de calidades: Albero (cor gris claro e gran grosso, duro pero fácil de traballar), Parga (cor gris claro e gran fino, dura e fácil de traballar) e Silvestre (cor escura e gran moi fino, branda e moi fácil de traballar, emprégase moito en escultura -igresa Sagrada familia de Barcelona e traballada polo Escultor D. Manuel Mallo de Lugo).

Os ingresos derivados da venda dos produtos do monte son destinados ó 100% a subvencionar obras de carácter social como a AA.VV. Raxeira, CIT,

Parga F.C., Festas de San Roque e San Estevo (Patrono da Parroquia), axuda ó colexio público de Parga e obras comunitarias: traídas de auga, limpeza e conservación do cemiterio parroquial, arranxo e construción de pistas e camiños veciñais (algúns deles en colaboración co concello), arranxo e conservación da fonte de augas minero medicinais de Valdobín e da Área Recreativa 'A Carballeira', xardíns da estación de FF.CC., eliminación de vertedeiros incontrolados, limpeza do río, compra de terreo privado para a súa conversión en público e como punto final investimento na conservación do monte. Está prevista a eliminación de dez escombeiras existentes (cun volume de 5.000.000 m³ aproximadamente, maiormente recortes de granito que poden ser aproveitados para a construción, sen facer a competencia á empresa que se atopa explotando os depósitos graníticos (como así figura no contrato en vigor), a parte de facer as correspondentes liquidacións trimestrais do IVE coa Axencia Estatal da Administración.

A grandes trazos este é o camiño percorrido polas diferentes Xuntas Rectoras que nos precederon, estando a actual facendo distintas xestións e tratando de abrir diversos camiños para tentar conquistar un mellor desenvolvemento económico e social de toda a Parroquia de San Estevo de Parga, Concello de Guitiriz e Terra Chá.

E para rematar este artigo, quero facer unha especial mención á empresa INGEMARGA S.A. polo labor desenvolvido desde o seu asentamento nas nosas terras de Parga, alá polo ano 1979, na creación de emprego e benestar nesta zona coa instalación da súa factoría no lugar de Boeiro, creando uns catrocentos postos de traballo directos e uns mil ou máis indirectos.

